



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FUNDACIÓN PÚBLICA ARTESANÍA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS FORMATIVAS AO COLECTIVO DE REDEIRAS ARTESÁNS NO MARCO DO SEU PROCESO DE DIVERSIFICACIÓN PROFESIONAL

En Santiago de Compostela a 30 de setembro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, Dña. Rosa María Quintana Carballo, conselleira do Mar, actuando no nome e representación da mesma consellería, ao abeiro das facultades que lle outorga o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia; o Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e; o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, modificado parcialmente polo Decreto 106/2018, do 4 de outubro.

Doutra parte, D. Francisco José Conde López, conselleiro de Economía, Emprego e Industria, actuando no nome e representación da mesma consellería, ao abeiro das facultades que lle outorga o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia; o Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e; o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, modificado parcialmente polo Decreto 106/2018, do 4 de outubro; e no nome e representación da Fundación Pública Artesanía de Galicia, como Presidente do seu Padroado, de conformidade cos artigos 15 e 22 dos seus Estatutos.





Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir no nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica de la Xunta de Galicia, establece que a Consellería do Mar forma parte da estrutura da Xunta de Galicia.

Á súa vez, o Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, modificado polo Decreto 39/2018, do 5 de abril, dispón no seu artigo 1 que esta é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia con competencias no relativo ás asociacións dos/as profesionais do sector, así como en cooperación pesqueira interinstitucional, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española, sen prexuízo das competencias que poidan corresponderlles aos outros organismos da Comunidade Autónoma.

Que o devandito Decreto 168/2015, no seu artigo 9, modificado polo Decreto 39/2018 establece que a dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro é un órgano de dirección da Consellería do Mar ao que corresponde o fomento da organización sectorial, a ordenación, dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a Consellería en materia de extensión pesqueira. E, que en uso da dita atribución esta dirección xeral leva realizadas accións de cara á diversificación profesional do colectivo das redeiras artesás de Galicia. Estas accións realizadas precisan de novo pulo tanto para garantir a optimización dos recursos públicos xa empregados, como para asegurar a continuidade e o éxito das accións de diversificación do colectivo das redeiras artesás.

Segundo.- Que, a Fundación Pública Artesanía de Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro que depende da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia. Entre os seus cometidos primordiais está o desenvolvemento de liñas de investigación destinadas a especializar e perfeccionar técnicas de elaboración que permitan mellorar a calidade dos





produtos artesanais ademais de optimizar o proceso produtivo xa que a innovación constante, o deseño e a calidade son bases para a supervivencia desta área.

Que a Fundación ten entre os seus fins o desenvolvemento de programas de asistencia, formación, promoción e calquera outro aspecto inherente á cultura dos oficios artesanais en Galicia.

E que, en particular, a Fundación vén desenvolvendo desde hai anos accións de formación co colectivo das redeiras artesás de Galicia, acadando resultados tanxibles logo do remate dos cursos desenvolvidos. As ditas actuacións obtiveron unha notable repercusión pública, así como unha posibilidade real de xerar ingresos adicionais dentro do colectivo de redeiras.

Terceiro.- A Consellería do Mar considera que as actuacións descritas neste acordo son un instrumento eficaz para a promoción da diversificación profesional do colectivo de redeiras artesás de Galicia e o desenvolvemento das zonas de pesca. No ano 2015 e 2016 as accións formativas levadas a cabo obtiveron resultados moi positivos.

A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece no seu artigo 14 que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

Esta colaboración ou cooperación poderá consistir na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.



Dada a converxencia de ámbitos de actuación e o mutuo interese en xuntar esforzos na consecución duns fins que son comúns, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscripción do presente acordo conforme as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Este acordo ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Fundación Pública Artesanía de Galicia para a execución de accións formativas que permitan a diversificación profesional de redeiras artesás de Galicia, favorecendo así o desenvolvemento das áreas de pesca.

Segunda.- Financiamento

Para cumprir co obxecto do presente acordo, a Consellería do Mar transferirá a cantidade de 35.300 € (trinta e cinco mil trescentos euros) con cargo á aplicación orzamentaria 15.03.723C.640.1 dos orzamentos da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, de acordo coa seguinte distribución por anualidades:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	PROXECTO	Anualidade 2019	Anualidade 2020	TOTAL (c/IVE)
15.03.723C.640.1	2015-00577	11.500€	23.800€	35.300€

Co dito importe será ampliado o orzamento da Consellería de Economía, Emprego e Industria, na aplicación orzamentaria 09 30 751 A 743 04, co código de proxecto 2015-00295.

Estes fondos corresponden coa achega que a Consellería de Economía, Emprego e Industria realizará á Fundación Pública Artesanía de Galicia para que esta desenvolva ás actividades de formación para perfeccionar as técnicas



de elaboración e a extensión a outros ámbitos de mercado que permitan mellorar a calidade e especialidade dos produtos artesanais e, para optimizar o proceso produtivo e a xestión comercial das redeiras a través da súa aplicación.

A devandita transferencia se instrumentará a través dos correspondentes documentos contables que posibilitan as achegas económicas entre os distintos organismos da Xunta de Galicia (artigo 64.1.g) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia).

Terceira.- Actuacións a desenvolver

Coa finalidade de facilitar a diversificación profesional das redeiras galegas, as accións formativas incluírán tanto o deseño de produtos específicos do sector da moda e dos complementos, como as técnicas básicas de corte e confección; esténdense á aplicación das técnicas das redeiras ao ámbito da decoración e; ampliaráse á actividade formativa específica de xestión da actividade comercial.

Os cursos a impartir, como mínimo, serán:

Denominación	HORAS
Curso de iniciación para a aplicación das técnicas das redeiras ao sector da decoración. 2019	60
Curso de técnicas complementarias ao oficio tradicional: corte e confección. 2019	70
Curso de deseño e aplicación das técnicas das redeiras ao sector da moda e dos complementos. 2020	60
Xestión básica da actividade comercial: curso de análise de produción e prezos de venda. 2020	50
Total horas	240



Ademais dos devanditos cursos, a Fundación desenvolverá un acto de presentación do Proxecto Enredadas no que se efectuará o balance dos resultados acadados.

Cuarta.- Compromisos da Fundación Pública Artesanía de Galicia

A Fundación Pública Artesanía de Galicia asume coa sinatura do presente acordo de colaboración as seguintes obrigas:

- a) Organización dos cursos, incluíndo o profesorado e os materias precisos.
- b) Control de asistencia das alumnas.
- c) Realizar unha avaliación dos resultados.
- d) Elaborar diplomas de asistencia e/ou aproveitamento.
- e) Difundir tanto a realización dos cursos como os resultados acadados.

Quinta.- Comisión mixta de seguemento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste acordo créase unha comisión mixta de seguimento, de composición paritaria, que coordinará o seu desenvolvemento. Os conflitos que se formulen resolveranse pola comisión de seguimento e, no seu caso, aplicando as regras para resolver conflitos de atribucións (resolución mediante Decreto do Consello da Xunta, logo de ditame do Consello Consultivo de Galicia (artigo 4.12 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e artigo 13.b) da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia (DOG núm 80, do 28 de abril).

Así mesmo, tamén deberá terse en conta a regulación na resolución destes conflitos que se contén nos artigos 13.5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA) e 18.2 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.



Sexta.- Vixencia

O presente acordo terá vixencia desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Sétima.- Réxime xurídico

Este acordo de colaboración ten carácter administrativo, e rexerase, aos seus efectos, polo establecido nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola normativa xeral que lle sexa de aplicación e, en concreto, as Leis 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e, pola demais normativa de aplicación.

E en proba de conformidade co exposto, asinan este acordo por duplicado exemplar no lugar e data sinalados.

A conselleira do Mar

O conselleiro de Economía, Emprego
e Industria

Francisco José Conde López